



Guía do curso:

Deseño, creación e titorización de cursos virtuais para a formación en rede.

Índice

Descrición do curso.....	2
Persoas titoras.....	2
Competencias profesionais do profesorado.....	2
Obxectivos.....	3
Contidos.....	3
Correlación das competencias básicas cos contidos do curso.....	4
Metodoloxía.....	5
Seguimento e desenvolvemento do curso.....	6
Comunicación coa titoría.....	11
Avaliación.....	11
Aplicación práctica.....	13
Requirimentos para seguir o curso.....	13
... e despois do curso?	14

Descrición do curso

Este curso virtual...

- Diseñouse para a adquisición da competencia **pedagóxica e didáctica para deseñar e xestionar cursos virtuais**.
- Asume un enfoque metodolóxico orientado á adquisición desa competencia baseándose en tarefas integradas e orientadas cara un proxecto: o deseño e creación dun curso virtual.
- Opta por empregar **software open source**: a plataforma de eLearning Moodle e o xerador de paquetes de contidos eXeLearning, para evitar barreiras legais e económicas.
- Asume tamén que a **avaliación** ten que se dirixir tanto ao **proceso** levado a cabo durante o curso como ao **produto** final obtido. Por elo practícase unha avaliación continua durante o proceso de elaboración do produto final dende tres ángulos distintos:
 - A autoavaliación feita por cada un do seu traballo.
 - A coavaliación feita polas compañeiras e compañeiros.
 - A heteroavaliación feita pola titora ou titor do curso.
- A avaliación do produto basearase no proxecto final elaborado: o deseño e creación dun curso virtual.
- Respecta os **dereitos de propiedade intelectual** daqueles recursos educativos alleos que integra, publícase otorgándolle unha licenza creative commons e respecta as pautas de **accesibilidade**.

O curso consta dunha parte presencial dividida en dúas sesións, unha ao principio do curso e outra ao final para a avaliación e na que contaremos coa presenza de Antonio Monje, coordinador do proxecto eXeLearnig e Director do “Centro Nacional de Desarrollo Curricular en Sistemas no Propietarios”, CeDeC.
<http://cedec.ite.educacion.es>


Persoas titoras




Gloria Rivas Rodríguez



Agustín Carracedo
Santos



Pablo Camarero Pérez



Competencias profesionais do profesorado.

Este curso pretende acadar que o profesorado nel participante sexa quen de deseñar, crear e titorizar cursos virtuais:

- Desenvolver a **competencia pedagóxica e didáctica precisa para a planificación, o deseño e a xestión dun curso en rede**.

O desenvolvemento desta competencia é a columna vertebral deste curso. Os obxectivos pretenden lograr a adquisición desta competencia.

As aprendizaxes realizadas ao longo deste curso dotarante da competencia necesaria para deseñar, crear e titorizar cursos virtuais. Neste curso interéсанos o deseño didáctico e pedagóxico e a estrutura, a “forma” do curso, ...o contido poñeralo ti. A competencia adquirida poderás aplicala para a elaboración do teu traballo da Licenza de formación, ou para preparar os materiais dese curso que vas impartir como relator en cursos de formación do profesorado, ou para organizar os materiais e contidos das materias que impartes no ensino presencial...

Obxectivos

O obxectivo final perseguido é que ti adquiras a competencia para xerar cursos virtuais semellantes a este.

Relacionados coas **aulas e cursos virtuais**:

- Manexar cursos a distancia: Moodle.
- Integrar contidos dixitais e multimedia nos cursos virtuais.
- Deseño da avaliación para os cursos virtuais
- Respetar a propiedade intelectual e os dereitos de autor e saber elixir **licenzas** para publicar recursos propios.
- Crear cursos virtuais que respecten a normativa básica sobre accesibilidade.

Relacionados co **enfoque metodolóxico**:

- Coñecer, experimentar e aplicar enfoques metodolóxicos axeitados aos cursos virtuais.

Relacionados coa **impartición de cursos a distancia**:

- Xestionar e titorizar cursos virtuais a distancia.
- Coñecer e aplicar as normas de netiqueta comunmente aceptadas.

Contidos

Os contidos do curso están divididos en 12 módulos:

Este curso pretende desenvolver a **competencia pedagóxica e didáctica precisa para a planificación, ou deseño e a xestión dun curso en rede**.

As actividades, contidos, tarefas... organízanse nestes módulos ou temas:

1. Antes de empezar.

- Módulo informativo sobre o curso: funcionamento da aula virtual, documentación, formas de comunicarse, cualificacións, proxecto final...

2. Deseñar

- Aprenderemos a secuencia de decisións que deben tomarse para deseñar un curso virtual. Os contidos deste módulo son fundamentais, constitúen a columna vertebral do curso. Á hora de deseñar o curso debemos ter claras algunhas ideas sobre o que queremos ensinar, o modelo e as estratexias pedagóxicas que adoptaremos, a normativa que debemos respectar en canto a propiedade intelectual e accesibilidade e tamén sobre a tecnoloxía que necesitaremos, o software que mellor se adapte ás nosas necesidades.

3. Crear

- Primeiro paso e imprescindible, crear e configurar cursos virtuais con Moodle, na aula virtual

do teu centro, por exemplo.

4. Transmitir

- Incorporar contidos e recursos educativos... as posibilidades que ofrece Moodle para encher o curso de contidos: sitios web, documentos, recursos multimedia...

5. Empaquetar

- Crear e incorporar paquetes de contidos educativos con eXeLearning en diferentes formatos, como paquetes IMS ou páxinas web...

6. Colaborar

- Engadir actividades colaboradoras para traballar en equipo: wikis, glosarios, bases de datos... ferramentas para o traballo colaborador.

7. Comunicarse

- Diferentes formas de establecer canles de comunicación de diferente tipo: públicas, privadas: foros, mensaxería e chats fundamentalmente.

8. Avaliar

- A forma de ensinar elixida condiciona a forma de avaliación que se practique e viceversa... dous aspectos que se condicionan e retroalimentan. A avaliación do proceso de ensino aprendizaxe reviste características propias nun curso virtual. As tarefas e o proxecto final someterémolos a tres puntos de vista: a autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación.

9. Titorizar

- Titorizar a un alumnado a distancia baseándonos unicamente nas súas manifestacións nos foros, nas tarefas realizadas... sen a presenza física á que nos ten afeitos o ensino presencial.

10. Administrar

- Mantemento do curso virtual... inscribir o alumnado, facer copias de seguridade, reiniciar un curso. Aspectos básicos da administración.

11. Proxecto final

- Traballo global elaborado ao longo do curso no que deberás demostrar que adquiriches a competencia suficiente para deseñar, crear e xestionar cursos virtuais.

12. Avaliación do curso

- Avaliación deste curso... para seguir mellorándoo.

Correlación das competencias básicas cos contidos do curso

Antes xa falamos da competencia que se pretende desenvolver no profesorado. O destinatario deste curso non é o alumnado de ESO polo que non se toman como referencia as competencias básicas establecidas para ese nivel. Non obstante imos establecer relacións entre as actividades e tarefas desenvolvidas durante o curso e algunhas das competencias básicas establecidas no anexo I do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da ESO.

1. Competencia en comunicación lingüística

A linguaxe e a comunicación están presentes neste proxecto. Os participantes comunícanse por escrito na aula virtual, debatindo nos foros, publicando os seus traballos...

2. Competencia matemática

Apenas garda relación.

3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

Apenas garda relación.

4. Tratamento da información e competencia dixital

O uso de TICs está presente neste curso dende o principio á fin. De feito será o medio exclusivo no que se desenvolva, salvo as sesións presenciais. Desenvolverase o tratamento da información facilitando aos participantes información directa ou a través

de ligazóns: cómpre descargala, procesala e comunicala para convertela en coñecemento, neste caso os coñecementos necesarios para ser quen de deseñar, crear a titorizar cursos virtuais.

5. Competencia social e cidadá

Se restrinximos o significado de “social” ao ámbito educativo podemos dicir que o curso pretende desenvolver o traballo colaborador entre os participantes xerando un ambiente no que se intercambien opinións, puntos de vista, informacións...

6. Competencia cultural e artística

Apenas garda relación.

7. Competencia para aprender a aprender

Os participantes buscan a información e a súa orixe, están pendentes da actualidade e discriminando que información relacionada co eLearning é importante para eles ou non. Deste xeito terán continuidades as aprendizaxes adquiridas neste curso

8. Autonomía e iniciativa persoal

Ao igual que no apartado anterior, son eles os que seleccionan e buscan información, polo tanto, medran como persoas e toman decisións propias.

Metodoloxía

Nas decisións pedagóxicas tomadas para deseñar e crear este curso apostamos polo ensino construtivo e significativo baseado na adquisición de competencias mediante tarefas integradas e orientadas cara a elaboración dun proxecto. Esta formulación é a que aplicaremos no curso: a mesma tanto dende un punto de vista teórico como práctico.

O modelo pedagóxico no que se basea este curso leva a unha aprendizaxe

- **Construtiva.** Non esperamos de ti que repitas ou reproduzas a información que atopes eiquí, senón que a sometan á acción do pensamento co fin de analizaren, relacionaren, criticaren, transferiren e aplicaren esa información, transformándoa en coñecemento. Deste xeito, ademais de adquiriren coñecementos, aprendes a aprender, unha tarefa especialmente importante na sociedade da información.
- **Activa.** Debes realizar diferentes actividades para asimilar os contidos informativos que recibas. A calidade da túa aprendizaxe dependerá da calidade das actividades e tarefas realizadas.
- **Interactiva.** Convén que a aprendizaxe sexa interactiva, pois iso permite construír o coñecemento de maneira propia e persoal a partir do teu punto de vista: interacción entre os teus esquemas previos de coñecementos e o que aquí atopes.
- **Tecnolóxica.** O recurso aos medios tecnolóxicos, Internet especialmente, é imprescindible.
- **Situada.** A aprendizaxe debe referirse ao teu contexto real e tomar sentido del. Por exemplo, o obxectivo deste curso non é superar unhas tarefas para lograr unha certificación, senón aprender para mellorar a túa situación real, o teu labor docente co teu alumnado. Dende este contexto “sitúase” a aprendizaxe.
- **Autorregulada.** A medida que avances nas túas aprendizaxes, transferirémosche a dirección desa aprendizaxe. Nese momento pásase do heterocontrol ao auto-control, é dicir, á aprendizaxe auto-regulada.

O curso adopta un **modelo educativo centrado en competencias**, entendidas estas como un conxunto de comportamentos e habilidades de diferente tipo que permiten levar a cabo axeitadamente unha función, unha actividade ou unha tarefa. As competencias desenvólvense practicándoas, sendo as tarefas e actividades a ferramenta para elo. As tarefas están integradas cara a adquisición das competencias programadas.

As **tareas integradas por competencias** supoñen un enfoque metodolóxico no que es un simples receptor nin repetidor de contidos. Convérteste en protagonista dunha situación ou contexto de aprendizaxe. As tarefas pasan a ser o núcleo a través do que debe gravitar o resto de elementos de traballo: contidos,

recursos, autoavaliacións, etc...

A metodoloxía adoptada deberá facilitar a adquisición das competencias comentadas e, polo tanto, deberá centrarse tanto no "facer" como no "saber", importan tanto o proceso como o produto final. Acentuar o "facer" leva aparelado a traballo por tarefas integradas cara un proxecto final.

Os traballos desenvolveranse de xeito individual e tamén colaborador. Moitas tarefas e actividades son necesariamente individuais ---a lectura da información---, outras teñen un carácter netamente colaborador. Así, a **participación en debates** nos foros para intercambiar e sopesar ideas, o **intercambio de información** en bases de datos e a **coavaliación** practicada nos talleres supoñen un enfoque colaborador. A dinamización dos foros e dos traballos colaboradores tentará xerar o ambiente dunha **comunidade de aprendizaxe** que difumine os roles de profesor / estudante, e na que todos aprenden de todos. A pesar da distancia física, estimularase a presenza (virtual) e participación nos traballos colaboradores de todos os membros desta comunidade de aprendizaxe.

Seguimento e desenvolvemento do curso.

O curso estrutúrase en 10 módulos e outro para a avaliación do curso. Os módulos teñen a mesma estrutura:

1. **Presentación** do módulo e foro de aclaración de dúbidas, problemas...
2. Enquisa de **precoñecementos**, destinada a revisar as estruturas previas de coñecemento.
3. **Obxectivos**. Coas competencias e obxectivos dese módulo.
4. **Info**. Materiais cos contidos do módulo, presentados en formato de páxina web. Ás veces tamén contén tarefas.
5. **Estudo de caso**, cando procede. Exemplos ou casos reais para analizar.
6. **Tarefas**. Descrición das tarefas que deben realizarse.

A secuencia lóxica de traballo é a orde na que aparecen. Os módulos permanecerán visibles durante todo o curso, se ben as tarefas e algunhas actividades terán uns períodos de tempo determinados e limitados para a súa realización, sinaladas no calendario do curso e anunciadas no bloque "Próximos eventos" cunha semán de antelación. Algúns módulos inclúen debates en foros sobre temas cruciais do curso: modelos pedagóxicos, paquetes de contidos, traballos colaboradores, a Netiqueta, a avaliación. Sinálanse unhas datas determinadas para estes debates coa finalidade de coincidir no debate máis ou menos ao mesmo tempo.

As tarefas son obrigatorias, salvo aquelas nas que expresamente se fai constar que son voluntarias (moi poucas). Deben realizarse nos períodos de tempo asignados, calculados en función da súa dificultade, complexidade... As especificacións das tarefas e o formato e forma de entrega sinálase en cada caso na propia tarefa.

TEMPORALIZACIÓN DO CURSO

Sesión presencial inicial	
Actividade	Tempo
• Presentacións: do equipo de titoría, dos participantes, do curso. • Carácter e sentido do curso. • Competencia que se pretende desenvolver: Obxectivos de aprendizaxe, Contidos, Actividades, Tarefas. • Funcionamento da aula virtual. • Cualificacións e promoción. • Proxecto final. • Requisitos técnicos: Acceso á aula virtual do centro dos participantes. • Coñecementos previos necesarios: Moodle, eXeLearning, Zotero, Editor de imaxes, Netiqueta	3 horas



- Propiedade intelectual, Accesibilidade web

Modulo 1. - Antes de comezar

Nº	Actividade	Tempo
Precoñecementos 1	Antes de comezar	1 hora
Obxectivos 1	Antes de comezar	
Info 1	O curso, documentación, foros, cualificacións... e o proxecto final.	
Tarefa 1.1	Actualizar o perfil de usuario na aula virtual de Platega.	
Tarefa 1.2	Fai a túa presentación á comunidade de aprendizaxe.	
Cuestionario 1	Netiqueta	

Modulo 2. - Diseñar

Nº	Actividade	Tempo
Precoñecementos 2	Comezar a casa polo tellado?	15 horas
Obxectivos 2	Diseñar un curso virtual	
Info 2	Diseñar recursos educativos complexos (nivel 3 de agregación): cursos virtuais.	
Cuestionario 2	Decisións para o deseño dun curso virtual.	
Tarefa 2.1	Debate sobre os modelos pedagóxicos.	
Tarefa 2.1	Autoavaliación do debate sobre os modelos pedagóxicos Taller	
Tarefa 2.1	Cualificación global	
Tarefa 2.2	1º Análise de recursos educativos de nivel 3 de agregación.	
Tarefa 2.2	2º Base de datos: Análise de recursos de nivel 3 de agregación.	
Tarefa 2.2	3º Lista de control para a autoavaliación.	
Tarefa 2.3	Decisións previas á creación do curso virtual.	

Modulo 3. Crear cursos virtuais.

Nº	Actividade	Tempo
Precoñecementos 3	E ti, como fas?	2 horas
Obxectivos 3	Aulas e cursos virtuais	
Info 3	Crear cursos en aulas virtuais	
Cuestionario 3	Creación de cursos virtuais	
Tarefa 3.1	Actualizar o perfil de usuario na aula virtual.	
Tarefa 3.2	Crea e configura un curso virtual novo	
Tarefa 3.3	Crear un curso virtual restaurando unha plantilla.	
Tarefa 3.4	Base de datos: Os nosos cursos de prácticas	
Tarefas do módulo 3	Cualificación global	

Modulo 4. - Transmitir recursos

Nº	Actividade	Tempo
----	------------	-------



Precoñecementos 4	Como se publican contidos educativos dixitais?	3 horas
Obxectivos 4	Transmitir contidos cos recursos de Moodle	
Info 4	Incorporar recursos educativos ao curso virtual ficheiro	
Tarefa 4.1	Incorporar recursos educativos ao curso de prácticas	

Modulo 5. - Empaquetar contidos

Nº	Actividade	Tempo
Precoñecementos 5	Crear paquetes de contidos educativos.	5
Obxectivos 5	Crear paquetes de recursos educativos con eXeLearning	
Info 5	Crear paquetes de contidos con eXeLearning ficheiro	
Tarefa 5.1	Engadir "Paquetes de contido IMS" e "Sitios Web" ao curso virtual.	
Tarefa 5.2	Crear "Paquetes de contido" propios e subilos ao curso virtual	

Modulo 6. - Colaborar

Nº	Actividade	Tempo
Precoñecementos 6	A actividade do alumnado.	3
Obxectivos 6	Actividades con Moodle	
Info 6	Incorporar actividades colaborativas	
Tarefa 6.1	Incorporar actividades no curso virtual.	

Modulo 7. - Comunicarse

Nº	Actividade	Tempo
		3
Obxectivos 7	Comunicarse nun curso virtual	
Info 7	Comunicación cos participantes nun curso virtual	
Tarefa 7.1	Incorpora e configura Chats, Foros e Mensaxería no curso virtual	

Modulo 8. - Avaliar

Nº	Actividade	Tempo
Precoñecementos 8	A avaliación	10
Obxectivos 8	Avaliación nos cursos virtuais	
Info 8	A avaliación nos cursos virtuais	
Cuestionario 8	A avaliación nos cursos virtuais.	
Tarefa 8.1	A avaliación no meu curso virtual.	
Tarefa 8.1	Base de datos: A avaliación no meu curso virtual	
Tarefa 8.2	Repositorio de rúbricas	
Tarefa 8.3	O meu alumnado avalía o meu curso	
Tarefas do módulo 8	Cualificación global	



Modulo 9. - Titorizar

Nº	Actividade	Tempo
Precoñecementos 9	Como exerces a tutoría dos estudantes?	5
Obxectivos 9	Titorizar	
Info 9	Titorizar un curso virtual a distancia ficheiro	
Tarefa 9.1	Os labores tutoriais	
Tarefa 9.1	Base de datos: Os labores tutoriais.	
Escolla	Elixe o teu grupo de traballo para as próximas tarefas.	
Tarefa 9.2	Rexistro de alumnado novo na aula virtual do teu centro.	
Tarefa 9.3	Inscripción do alumnado no teu curso virtual de prácticas.	
Tarefa 9.4	Mensaxe de benvida ao alumnado.	
Tarefas do módulo 9	Cualificación global	

Modulo 10 - Administrar

Nº	Actividade	Tempo
Precoñecementos 10	Seguridade web	3
Obxectivos 10	Administración dun curso virtual	
Info 10	Administración dun curso virtual	
Tarefa 10.1	Copias de seguridade e a súa restauración	
Tarefa 10.2	Reiniciu dun curso virtual.	

Modulo 11. - Proxecto final

Nº	Actividade	Tempo
Info 11	Especificacións para o proxecto final	2
Tarefa 11.1	Avaliación do proxecto final	

Sesión presencial final

Actividades	Tempo
Presentación dos proxectos finais elaborados. Mantemento do curso virtual. A tutoría dos cursos en Platega. Avaliación do curso. Posta en común polos participantes.	2 horas
Conferencia de Antonio Monje	2 horas

Modulo 12. - Avaliación do curso

Nº	Actividade	Tempo
Feedback	Avaliación do curso	1
Foro 12	Despedida e peche do curso	

Os módulos, os seus contidos, as súas actividades e tarefas estarán sempre visibles, se ben algunhas actividades e as tarefas teñen unhas datas sinaladas e fixas. No caso dos foros faise así para lograr uns debates sincrónicos, coincidentes no tempo. E no caso das tarefas faise para secuencialas e distribuílas no tempo. No seguinte cadro sinálanse as datas de apertura e peche das actividades e tarefas na aula virtual:



Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
	11 marzo Módulo 1 Comezar	12 marzo	13 marzo Mód.2 Diseñar ->	14 marzo	15	16
17 marzo Mód 1 Comezar -> Mód.2 Diseñar -->	18 marzo	19 marzo Sesión Presencial	20 marzo	21 marzo	22	23
24 marzo Mód.2 Diseñar --> Tarefa 2.3 ----->	25 marzo	26 marzo	27 marzo	28 marzo	29	30
31 marzo Mód.2 Diseñar -> Tarefa 2.3 -----> Taref. 2.1Debate ->	1 abril Tarefa 2.3 ----->	2 abril	3 abril	4 abril	5	6
7 abril Mód.2 Diseñar -> Tarefa 2.3 -----> 2.1 Debate -----> Mód. 3 Crear ----->	8 abril Mód 4 Transmitir ->	9 abril	10 abril	11 abril	12	13
14 Semana santa	15 Semana santa	16 Semana santa	17 Semana santa	18 Semana santa	19	20
21 Semana santa	22 abril Mód. 3 Crear -----> Mód 4 Transmitir -> Mód 5 Empaquet. Mód.6 Colaborar ->	23 abril	24 abril	25 abril	26	27
28 abril Mód 5 Empaquetar Mód.6 Colaborar-> Mód 7 Comunicar-> Mód. 8 Avaliar -->	29 abril	30 abril	1 maio	2 maio	3	4
5 maio Mód 5 Empaquetar Mód 7 Comunicar-> Mód. 8 Avaliar -----> Taref 8.1 Debate -> Mód. 9 Titorizar -->	6 maio	7 maio	8 maio	9 maio	10	11
12 maio Mód. 8 Avaliar ---> Taref 8.1 Debate -> Proxecto Final ---> Tarefa 11 -----> Mód. 9 Titorizar --> Mód10 Administrar Avaliación d curso	13 maio	14 maio	15 maio	16 maio	17	19
20 maio Proxecto Final ---> Tarefa 11 -----> Mód.10 Administ. Avaliación d curso	21 maio	22 maio	23 maio	24 maio	25	26
27 maio Proxecto Final ---> Tarefa 11 -----> Avaliación d curso	28 maio	29 maio Sesión Presencial	30 maio Peché do curso			

Comunicación coa titoría

Como en calquera curso de formación a través de PLATEGA, unha das primeiras cousas que debes de facer é presentarte á comunidade de aprendizaxe. Para iso, unha das primeiras tarefas será:

Fai a túa presentación á comunidade de aprendizaxe.

Esta primeira mensaxe servirá de presentación tanto co resto da comunidade de aprendizaxe, coma cos titores e titoras do curso.

Este curso é "virtual" e nese espazo virtual atoparemos diferentes medios para comunicarnos: uns colectivos e públicos, outros particulares e privados.

- Os **foros** será o modo máis frecuente de comunicación, de manter unha conversa de todos os participantes de xeito asíncrono, non simultánea. No curso encontraremos moitos foros destinados a manter diferentes conversas e procuraremos non as mesturar. Dipoñemos de foros destinados a resolver dúbidas ou a realizar debates sobre temas específicos.
- A **mensaxería** do curso permite unha **conversa privada entre dous participantes**. Funciona de modo similar aos servizos de mensaxería coa vantaxe de poder configurala para que reenvíe á nosa conta de correo electrónico as mensaxes que nos cheguen cando non esteamos conectados ao curso. Recibirémolos como un correo electrónico.
- O **Chat** é unha conversa síncrona, simultánea no tempo entre aqueles que nese momento estean conectados á aula virtual e teñan ganas de charlar. No curso encontraremos un Chat na zona común a todos os módulos e mirando o Bloque "Persoas" saberemos quen está conectado nese momento. Neste curso usaremos un Chat situado na zona común: Cafetería virtual.

Nas comunicacións feitas no curso procuraremos respectar as normas de Netiqueta, que comentaremos no primeiro módulo.

Avaliación

A avaliación é un pilar básico dos procesos de ensino/aprendizaxe. E, nun curso a distancia sen a presenza física das persoas implicadas, a cousa complicase algo máis. Practicaremos unha avaliación construtiva dende tres ángulos distintos:

- A **autoavaliación** feita por cada participante dalgunhas das súas tarefas, intervencións...
- A **coavaliación** feita avaliando os traballos das compañeiras e compañeros, sempre con ánimo construtivo.
- A **heteroavaliación** practicada pola titoría.

Estes tres ángulos ou puntos de vista deben ser suficientes para aportar unha análise construtiva da aprendizaxe e unha base sólida para introducir as retroaccións que sexan necesarias.

Empregaremos estas ferramentas fundamentais para a avaliación:

- Unha vez feita a **tarrafa** enviarase e informarase á titoría para a súa revisión. A titoría avaliará e cualificará con Apto / Non apto analizando se se axustan ás especificacións sinaladas en cada unha delas. O incumprimento dalgunha destas especificacións implica o "Non apto". No caso de non ser apto informarase das especificacións incumplidas para que dentro do prazo sinalado para a tarefa se proceda a súa mellora, rectificación...
- Os **cuestionarios** de corrección automática cualifícanse en escala numérica de 0 a 10, debendo obter unha nota de 7 como media das tres tentativas posibles.
- A autoavaliación e coavaliación cualifícanse en escala numérica de 0 a 10, correspondendo o 50 % á auto e a coavaliación feitas polo alumnado e o outro 50 % a cualificación feita pola titoría.

A cualificación de cada tarefa aparecerá na propia tarefa, para o seu seguimento, así como os comentarios e aclaracións feitas pola titoría. No módulo 0, no Wiki "Caderno individual" aparece unha ligazón coa táboa seguinte de tarefas e actividades, o seu valor, escala e unha columna para que, se o desexas, leves o control e seguimento das túas cualificacións, anotando as superadas.

O curso consta de 6 horas de ensino presencial e outras 54 en liña. Para ter dereito á certificación das 60

horas de formación compre, a tenor do establecido na Orde ¹ sobre a formación permanente do profesorado asistir as dúas sesións presenciais e ter cualificación “Apto” nas Tarefas de actividades do curso suficientes para sumar cando menos o 80 % do valor asignado a elas. Consulta a seguinte táboa:

Avaliación das tarefas

	Nome tarefa	% do valor	Escala
Tarefa 1.1	Actualizar o perfil de usuario na aula virtual de Platega.	0,5 %	Apto / Non apto
Tarefa 1.2	Fai a túa presentación ao grupo de participantes.	0,5 %	Apto / Non apto
Cuestionario 1	Netiqueta	1 %	Numérica 0 – 10 Apto > 7 puntos
Cuestionario 2	Decisións para o deseño dun curso virtual.	3 %	Numérica 0 – 10 Apto > 7 puntos
Tarefa 2.1	Debate sobre os modelos pedagóxicos.	2 %	Apto / Non apto
Tarefa 2.1	Autoavaliación do debate sobre os modelos pedagóxicos	5 %	Numérica 0 – 10 Apto > 7 puntos
Tarefa 2.2	1º Análise de recursos de nivel 3 de agregación.	5 %	Apto / Non apto
Tarefa 2.2	2º Base de datos: Análise de recursos de nivel 3 de agregación.		
Tarefa 2.3	Decisións previas á creación do curso virtual.	12 %	Numérica 0 – 10 Apto > 5 puntos
Cuestionario 3	Creación de cursos virtuais	2 %	Numérica 0 – 10 Apto > 7 puntos
Tarefa 3.1	Actualizar o perfil de usuario na aula virtual.	0 %	Sen cualificación
Tarefa 3.2	Crea e configura un curso virtual novo	5 %	Apto / Non apto
Tarefa 3.3	Crear un curso virtual restaurando unha plantilla.		
Tarefa 3.4	Base de datos: Os nosos cursos de prácticas		
Tarefa 4.1	Incorporar recursos educativos ao curso de prácticas	5 %	Apto / Non apto
Tarefa 5.1	Engadir "Paquetes de contido IMS" e "Sitios Web"	4 %	Apto / Non apto
Tarefa 5.2	Crear "Paquetes de contido" propios e subilos ao curso	4 %	Apto / Non apto
Tarefa 6.1	Incorporar actividades no curso virtual.	5 %	Apto / Non apto
Tarefa 7.1	Incorpora e configura Chats, Foros e Mensaxería	2 %	Apto / Non apto
Cuestionario 8	A avaliación nos cursos virtuais.	2 %	Numérica 0 – 10

¹ ORDE de 14 de maio de 2013 de convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (DOG Núm 96 do 22 de maio de 2013)

CAPÍTULO V - Artigo 23 - Avaliación das persoas participantes nas actividades de formación

Artigo 5. Nas actividades de formación en rede será indispensable, para obter a certificación, a **avaliación positiva do 80 % das tarefas propostas**, así como a asistencia á totalidade das sesións presenciais, no caso de que as houbese.



			Apto > 7 puntos
Tarefa 8.1	A avaliación no meu curso virtual.	10 %	Apto / Non apto
Tarefa 8.1	Base de datos: A avaliación no meu curso virtual		
Tarefa 8.1.	Foro de debate sobre a avaliación nos cursos virtuais.		
Tarefa 8.2	Repositorio de rúbricas		
Tarefa 8.3	O meu alumnado avalía o meu curso		
Tarefa 9.1	Os labores titoriais	5 %	Apto / Non apto
Tarefa 9.1	Base de datos: Os labores titoriais.		
Tarefa 9.2	Rexistro de alumnado novo na túa aula virtual.	4 %	Apto / Non apto
Tarefa 9.3	Inscripción do alumnado no teu curso virtual.		
Tarefa 9.4	Mensaxe de benvida ao alumnado.		
Tarefa 10.1	Copias de seguridade e a súa restauración	2 %	Apto / Non apto
Tarefa 10.2	Reinício dun curso virtual.	0 %	Sen cualificación
Tarefa 11	Avaliación do proxecto final	21 %	Numérica 0 – 10 Apto > 6 puntos

Para superar o curso os valores asignados ás tarefas nas que o alumno/a tivo avaliación positiva deben sumar a lo menos o 80 %.

Aplicación práctica

As aprendizaxes realizadas ao longo deste curso dotarante da competencia necesaria para deseñar, crear e titorizar cursos virtuais. O proxecto final do curso consiste na creación da estrutura dun curso virtual na que podes engadir aqueles contidos: se tes no teu horizonte realizar, por exemplo, un traballo para a túa licenza de formación, ou un curso virtual de formación do profesorado, ou un curso virtual complementario da túa docencia presencial co teu alumnado, ou... aproveita esta ocasión e engádelle eses contidos, recursos, materiais... dese traballo. Neste curso interézanos o deseño didáctico e pedagóxico e a estrutura, a “forma” do curso, ...o contido poñéralo ti. Elixe uns contidos do teu interese e úsaos. Estar a crear un curso sen uns contidos determinados ven sendo como coser sin fío.

A competencia adquirida poderás aplicala para a elaboración do teu traballo da Licenza de formación, ou para preparar os materiais dese curso que vas impartir como relator en cursos de formación do profesorado, ou para organizar os materiais e contidos das materias que impartes no ensino presencial...

Requirimentos para seguir o curso

Equipo informático con conexión a internet.

Se pretendemos crear un curso virtual, evidentemente necesitaremos aplicacións informáticas para crear eses cursos, incorporarlle contidos, acceder a eles vía Internet... Agora ben, en relación ao *software* imos asumir estes criterios:

1. **Recurrir a poucas aplicacións informáticas**, cantas menos, mellor. Reducir todo o posible a cantidade de aplicacións que usemos.
2. **Doadas de instalar** e configurar.
3. Buscar aplicacións informáticas **sen unha aprendizaxe previa cuantiosa**, en termos de tempo investido.
4. Ser *software* libre (*open source*) que poidamos **usar legalmente e sen custo**.

Pois ben, co *software* seguinte poderemos satisfacer as necesidades e decisións comentadas:

1. **Moodle**, plataforma de e-learning para crear aulas e cursos virtuais. Xa está ou debería estar



- instalado no teu centro educativo.
2. **eXeLearnig**, aplicación especialmente pensada para organizar contidos educativos de xeito similar a páxinas web exportables a diferentes formatos.
 3. **Libre Office**, paquete ofimático con procesador de textos, folia de cálculo, presentacións...
 4. **Mozilla Firefox**, navegador web co que acceder á aula informática a eXeLearning, internet. Recomendamos iste en especial por ser o que menos problemas presenta en Moodle, eXeLearning aínda que calquera navegador pode servir.
 5. **Zotero** ou similar, extensión de Firefox para crear referencias bibliográficas dos recursos alleos que empreguemos.
 6. **Gimp** ou similar, para o tratamento de imaxes.

Todo el satisfai os criterios sinalados.

... e despois do curso?



Mantén o contacto coas túas compañeiras e compañeiros do curso. Amplía o teu **Entorno Persoal de Aprendizaxe** (PLE) uníndote ao grupo "[Deseño, creación e titorización de cursos virtuais](#)" en Redeiras, para compartir as túas experiencias, dúbidas, problemas, descubrimentos... e seguir aprendendo sobre eLearning.